

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:40 horas do día 11 de xuño de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8 e 9)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2019" no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. FLUGE GALICIA, S.L.
 2. PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.*

* Esta empresa non achega o anexo VII "grupo de empresas" pero como FLUGE GALICIA, S.L. si o presenta e indica que non pertence a un grupo, resulta innecesario requirir tal documentación PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

Por último, a secretaria comunica aos membros da Mesa que na sesión que tivo lugar o 10



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:46	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A344-CFDB29-864H43-EKR59F-ZNDLCS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local acordou, ao abeiro do artigo 326.5 da LCSP, autorizar a asistencia técnica de D. Alberto Comesaña Rial para a valoración do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 5 de xuño de 2019, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
2. NAROM, S.L.

Dos anteriores licitadores, só presentou documentación en prazo CONSTRUCCIONES VALE, S.L., que achega o anexo VII ao PCAP no que indica que non pertence a un grupo de empresas.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento a NAROM, S.L. por ter indicado no Documento europeo único de contratación que a súa proposición é para o procedemento aberto para a Construción de beirarrúas na rúa Cantabria (expte. 233-441) e non ter emendado a documentación no prazo concedido.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica a D. Alberto Comesaña Rial en base ao disposto no artigo 326.5 da LCSP e á autorización acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 10 de xuño de 2019.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:46	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A344-CFDB29-864H43-EKR59F-ZNDLCS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113) (informe valoración proposición avaliable a través de fórmula con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 10 de xuño de 2019 de valoración do sobre C "*proposición avaliable a través de fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A.	53,64
2	SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.A.	37,21
3	APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.	33,17
4	TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U.	30,59

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva por importe do 5% do orzamento



base de licitación, IVE excluído.

2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
3. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

10.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 27 de maio de 2019 notificouse o acordo de clasificación adoptado na sesión do 24 de maio de 2019 ao licitador clasificado en primeiro lugar, SESTRAMA IBÉRICA, S.L., que presenta a documentación requirida os días 3 e 5 de xuño de 2019, dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a SESTRAMA IBÉRICA, S.L. para que poida emendar a garantía definitiva. O aval presentado non é válido ao tratarse dunha foto dun aval sen sinatura dixital, polo que deberá depositar o orixinal na Tesourería Xeral deste Concello e entregar o xustificante na Oficina de Contratación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:46	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A344-CFDB29-864H43-EKR59F-ZNDLCS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		